
ENSAIO Domingo Rodríguez: "A memoria dos ex presos é moi importante, pero non é a verdade absoluta, senón unha fonte que hai que tomar coas mesmas precaucións que as demais"

Castigar e **readoutrinar**

O autor artellou a partir de documentos institucionais unha visión xeral das prisións de Galicia do 36 ó 45


Montse Dopico · Santiago

As memorias dos ex-reclusos constitúen unha fonte historiográfica importante, pero deben ser tomadas coa mesma precaución que a documentación institucional. A Historia non é o mesmo que as memorias. Así o cre o historiador Domingo Rodríguez Teijeiro, que acaba de publicar en Galaxia o ensaio *Presos e Prisións na Galicia de Guerra e Posguerra (1936-1945)*. Os cárceres franquistas, pensa, ademais de seren piares da represión coa súa función punitiva, eran realmente considerados polas autoridades do réxime centros de reeducación, redención moral dos presos.



Calendario pintado por Felipe Baños no Mosteiro de Oia. Imaxe do Proxecto de Investigación 'Nomes e Voces'

Hai acordo entre os historiadores na idea de que o cárcere foi parte fundamental da represión. O que xa non é tan común é analizar o tema, como fai vostede, a partir da documentación institucional, sen esquecer tampouco as memorias dos ex-reclusos. Nin abordalo desde unha perspectiva alén do local.
Este é o primeiro traballo que tenta dar unha visión xenérica de toda Galicia, e está feito a partir dos documentos das prisións, sobre todo de Ourense. Ademais, ten unha vocación xeral: o que se di pódese extrapolar a nivel de España. En Galicia temos menos memorias de ex presos, e ademais temos a sorte de contar co arquivo da antiga prisión provincial de Ourense. Ese punto de vista institucional non exclúe, senón que completa, o punto de vista dos presos. A memoria dos presos é unha fonte máis, moi importante para recuperar a voz de todas as persoas que non nos deixaron a súa memoria, pero non é a verdade absoluta. Hai que tomala coas mesmas precaucións que as outras fontes. Unha cousa é a memoria e outra a Historia.





Á esquerda, debuxo de Jorge Guillermo Tell, e á dereita presos de San Felipe (Ferrol), ambas do fondo de Nomes e Voces

O entramado lexislativo do sistema carcerario é unha mostra máis do carácter planificado da represión, segundo comenta vostede...
É algo que dixeron outros historiadores como Julio Prada. Aquí vese claramente: non hai un momento no que as prisións sexan autónomas. Son controladas polas autoridades.

O cárcere servía ao réxime para vingarse, exterminar o que chamaban anti-España, para amedrentar a posible oposición política... Así se poden entender as precarias condicións de vida dos presos nelas...
Si e non. A precariedade tiña unha función de castigo, si. Pero tamén era consecuencia de que nin o sistema carcerario estaba deseñado para acoller tanta xente –270.719 persoas a 1 de xaneiro do 1940 segundo as cifras oficiais, máis as 90.000 dos campos de concentración–, nin había medios materiais, e ademais non todos os responsables carcerarios e políticos estaban por mellorar as condicións de vida dos presos, que variaban segundo a personalidade dos carcereiros...

Nin todos os cárceres eran do mesmo tipo, nin eran o mesmo que os campos de concentración, di...
Javier Rodrigo fixo un estudo moi bo dos campos de concentración. Os campos teñen máis impacto que os cárceres, sobre todo mediático. E é un erro pensar que todos os campos eran como Auschwitz. Non se pode meter todo no mesmo saco. A memoria histórica está de moda...

As cifras son aínda discutidas...
Na guerra, son imposibles de calcular. Nunca saberemos cantas persoas pasaron polos cárceres. Na posguerra si hai cifras oficiais. A partir do 43 edítase un anuario bastante detallado...

Os presos contribuían a pagar a súa estancia co seu traballo, que foi utilizado tamén para facer propaganda no exterior, e mesmo foi un xeito de aliviar o desbordamento dos cárceres coa excarceración progresiva, apunta vostede...
Este é un dos eixes do sistema carcerario. A explotación laboral é un dos aspectos máis coñecidos, que o réxime non agochaba. Pero pagar a estancia non era a única función. En realidade son moi poucos os reclusos que acceden a isto. Parte da función do sistema de redención era precisamente "redimir" a través do traballo, reeducar, axudar a modificar a ideoloxía do preso, adoutrinalo, resocializalo nos principios do réxime. Lavarlles o cerebro, se queres dicilo así, para poder liberalos canto antes. E non foi a redución da pena por traballo o principal modo de excarceralos, senón a liberdade condicional, –un aspecto tamén pouco tratado que abordo nun segundo libro, centrado en España en xeral, que teño escrito e está á busca de editor–... Todo o sistema está deseñado para os presos que son consecuencia da guerra.

Os presos non se amosaban resignados e submisos, senón que resistían como podían, subliñas.
Os libros de memorias foron escritos polas persoas máis concienciadas, que eran minoría, por iso poden distorsionar a imaxe do que era a resistencia. Si é certo que comunistas, anarquistas... chegaron a organizarse no cárcere. Pero os demais reclusos non foron simples suxeitos pasivos, senón que artellaron pequenos actos de rebeldía. Desde cantar "rancho" en vez de "Franco"... ●

ACTUALIDADE

"O de Celanova foi o cárcere máis importante de Galicia"

Como condicionou todo ese sistema carcerario artellado ata o 45 o sistema posterior?
Ata o ano 42 van saíndo os decretos e normas que lle dan forma ó sistema do primeiro franquismo. No 45 inclúense algunhas cuestións no Código penal, e no 48 publícase un novo regulamento dos cárceres que funciona nos anos 50. Por exemplo, a idea da redención da pena chega á democracia, e mantense hoxe. Toda a polémica que houbo con De Juana Chaos pola súa redución de pena ten a súa base neste legado do franquismo...

A Illa de San Simón foi símbolo da recuperación da memoria histórica co anterior goberno. É moi representativa do que pasou?
Ten características especiais para facela lugar da memoria, como o feito de ser unha illa: nada simboliza mellor o illamento. Pero en volume de presos, por exemplo, no cárcere do mosteiro de Celanova houbo máis. A de Celanova foi a prisión máis importante de Galicia, se cadra.

Agora xa non é a illa da memoria. Que lle parece como historiador?
As políticas da memoria son cousa dos políticos, cambiou o goberno e cambiou a política. Como historiador, non sei se unha illa é o mellor sitio para un arquivo, nin sei se é necesario que haxa un lugar de memoria na illa. O que é máis importante é que coñezamos o que pasou...

O cambio de política si afectou moito ás asociacións da memoria. Aínda que hai historiadores que xa antes do Ano da Memoria traballaban nisto e agora seguen a facelo...
Hai anos que fixen un estudo sobre o cárcere de Celanova e o concello, que é do PP, nunca me puxo problemas, ó contrario. Unha cousa é a memoria e outra a historia. Cando se fala de memoria, en realidade estase falando moitas veces do presente, non do pasado. Os debates xiran arredor de políticas do presente.